CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar no texto significados apropiados, utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar lectura directa de textos gregos sinxelos identificando os significados e os aspectos léxicos, comparándoos cos das linguas do repertorio lingüístico propio.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega.	TI	55
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortésia lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara utilizando o vocabulario apropiado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar semellanzas de vocabulario entre as diversas linguas coñecidas polo alumnado.		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos no léxico, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes, utilizando o vocabulario apropiado.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co vocabulario e a etimoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.

Contidos

- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
9	Legado e patrimonio	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os modos de vida e costumes da sociedade helena, comparándoos cos actuais.	PE	55
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Analizar e identificar obras de arte e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar elementos lingüísticos do grego nas linguas modernas, utilizando estratexias e coñecementos das linguas que conforman o repertorio propio.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos nas linguas que conforman o repertorio propio, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater con recursos retóricos sobre a importancia e asimilación de diferentes aspectos da sociedade grega, aportando información e experiencias.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar o patrimonio herdado da civilización grega e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os procesos históricos e políticos, as institucións, e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.	TI	45
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega facendo busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves e elementos do patrimonio helénico relacionados con eles.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar o legado grego da contorna, aplicando coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos, e presentando os resultados en diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Léxico. <ul style="list-style-type: none"> - Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos. - Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional. - Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. - A importancia do discurso público para a vida política e social. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.

Contidos

- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As linguas clásicas (latín e grego), cuxo estudo fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas, desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento de aspectos da civilización clásica, berce da Europa actual, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe, como son a mitoloxía e a relixión, a filosofía e as ciencias, a política, o urbanismo, ou as súas creacións literarias e artísticas.

O Departamento de Grego traballará en metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo ditas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para promover o traballo en equipo e para aplicar métodos de investigación apropiados. A metodoloxía que se utilice favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e riguroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación nos distintos campos do saber, así como a transferencia e aplicación do aprendido.

Buscarase un método activo e vivo, onde grego clásico conviva en parte con grego moderno, moi ao contrario da consideración do estudo do grego como "lingua morta" e os prexuízos asociados a iso. O tratamento tradicional máis "gramaticalista" pode convivir en gran parte con métodos activos cos que o alumnado poida investigar e acceder a información de modo previo para logo traballar sobre iso na aula con exercicios, con tarefas guiadas polo profesor, e con proxectos que obriguen a planificar tempos, procesos e tarefas para a obtención do resultado proposto.

Esta materia é idónea para que os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia plurilingüe. Promoveranse as medidas necesarias para que se traballen as habilidades de comprensión lectora e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de expresarse correctamente en público.

¿ obxectivo da materia, non exclusivamente iniciar aos alumnos no coñecemento da lingua grega clásica, senón tamén da súa cultura. E para iso non hai mellor instrumento que a lectura de obras clásicas da literatura grega ou de monografías sobre aspectos históricos ou culturais da Grecia clásica e o comentario de textos que fagan referencia a estes contidos. Os textos, seleccionados convenientemente entre os autores máis representativos das diferentes épocas e xéneros literarios, presentaranse adaptados nos primeiros momentos, para abordalos posteriormente na súa forma orixinal, coas anotacións pertinentes cando sexa necesario para facilitar a súa comprensión, ou en traducións que permitan aos alumnos un bo coñecemento dos diferentes aspectos da cultura grega. Loxicamente os textos orixinais terán que ir adaptándose aos niveis de coñecemento que vaian adquirindo os alumnos ao longo do curso, no que se refire a aspectos gramaticais.

En 1º recoméndase o estudo do vocabulario que vai aparecendo en cada lección, deixando para 2º curso o uso do dicionario, pois se pretende que o estudo da lingua grega se converta nun proceso de aprendizaxe natural, no que se avanza á vez que se vai ampliando o repertorio léxico da persoa. O dicionario require certa práctica e técnica, que nun principio pode dificultar o arranque do alumno e que posteriormente pode volverse na súa contra, pois se descoida a atención por adquirir coñecemento do léxico na idea de que o dicionario resolve este problema e, a longo prazo, converte a tarefa de lectura e tradución nun exercicio lento, pesado e abstruso, onde o dicionario é o único referente que dita o que se ha de dicir: a lingua perde así toda naturalidade e a tradución afástase da realidade

lingüística, convertendo o texto nun obxecto artificial, frío e impersonal. Con todo, para evitar a excesiva memorización de palabras, unha vez que o alumno xa controla un repertorio básico, no segundo trimestre, acabada a flexión nominal, poderase empezar xa a manexar o dicionario, que será ferramenta importante en 2º curso e no traballo con textos en xeral.

As tecnoloxías da información e comunicación serán ferramenta necesaria para a aprendizaxe da materia, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior, como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotidiá e a inserción laboral. Na actualidade, o desexo de que os alumnos sexan parte activa do proceso de aprendizaxe obríganos a utilizar as novas tecnoloxías da información e comunicación: materiais confeccionados polo profesor, xogos informáticos interactivos, actividades de procura de información na rede e programas didácticos existentes relacionados coa cultura grega. Existe gran variedade de actividades que se adecuan ao nivel e aos intereses dos alumnos, ademais das pertinentes explicacións teóricas, que deberán ir sempre acompañadas de exercicios prácticos, sexan individuais ou en grupo.

Tamén é necesario favorecer a interdisciplinabilidade. Os contidos desta materia son afíns, en primeiro lugar, aos da lingua latina, aspecto que o profesor terá moi en conta para aclarar dúbidas e conceptos dunha con referencias á outra. Pero ademais verán que moitísimos termos, conceptos, temas e técnicas que se tratan en grego utilízanse en moitísimas ocasións noutras materias, mellorando así a súa comprensión tamén nelas: lingüística, literatura, historia, xeografía, arte, lóxica, filosofía, política, economía, comentarios de texto en xeral.

A lectura, individual e en grupo, facilitará a aprendizaxe do alfabeto grego. Ao comezar o curso, resulta recomendable que o alumnado practique a escritura de palabras illadas e de textos traballados en clase previamente. Así se iniciarán con máis seguridade as unidades seguintes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Non se utiliza libro de texto. Tras anos de experiencia con outros diversos métodos, vólvese a un método elaborado polo propio profesor e xa experimentado con bos resultados no pasado, na idea de que está pedagóxicamente ben estruturado, con exercicios creados para un progreso paulatino e constante. O método permite, ao mesmo tempo, tratar en clase, sexa a partir dos textos, sexa mediante achegas e colaboracións dos alumnos, en grupo ou individualmente, os diversos bloques que atenden a lingua, a marco xeográfico e histórico, a mitoloxía e relixión, a política e sociedade, e, en xeral, a civilización e cultura.

As actividades prácticas e o léxico correspondente para a súa comprensión poñen ao alumnado en relación con contidos de especial relevancia, pois grazas a eles os alumnos enriquecen o seu vocabulario e advirten a importancia do grego no estudo do léxico científico e técnico da actualidade, coñecendo ao mesmo tempo o proceso evolutivo da historia, a cultura e a literatura do mundo grego, cos seus períodos primitivo, arcaico, clásico e helenístico, e os principais xéneros literarios (historiografía, épica, lírica, traxedia e comedia).

O proxecto de Grego para Bacharelato pretende fomentar a aprendizaxe do grego, e tamén que o alumnado se interese pola evolución cultural do mundo grego como punto de partida da nosa civilización, polo que a mensaxe de fondo transmitido é máis humanístico que gramatical, aínda que o traballo diario, ao contrario, apunta máis a gramática que a humanismo, para poder chegar ao coñecemento e comprensión dos textos que fraguaron a nosa cultura e a nosa maneira de concibir o mundo.

Respecto ao contido morfolóxico e gramatical, a intención é presentar os paradigmas de uso frecuente en frases e textos sinxelos. A resolución dos paradigmas nominais e verbais que se propoñen como actividades debe traballarse de acordo cunha aplicación didáctica inmediata: a comprensión e a tradución da lingua grega clásica. Para conseguir este obxectivo, as actividades presentan un grao de dificultade progresivo: completar esquemas nominais e verbais, adecuar unha palabra ou un grupo de palabras á sintaxe dunha frase en cuestión, e traducir e analizar frases completas. Sintetízouse o contido sintáctico en cada unidade, de acordo co material de consulta que o alumnado poida ter ata o momento.

Con relación ao apartado de cultura, as actividades proporáanse de forma que os alumnos aprendan cuestións por medio de esquemas e de propostas concretas sobre o contido cultural da unidade. Outros exercicios deste apartado teñen a finalidade de que o alumnado se informe e investigue sobre determinados contidos. Resultaría importante complementar o coñecemento da civilización grega coa visita a algún museo ou xacemento arqueolóxico próximo, aínda que non é algo fácil aquí, pois moi pouco hai na xeografía próxima que presente pegada grega (aínda que si algo máis de romana). Ao contactar co mundo clásico, o alumnado coñece as orixes da nosa civilización e enriquecese culturalmente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Grego 1 é unha materia nova que o alumnado non cursou con anterioridade, e na que sempre se empeza de cero. Con todo, hai que considerar o posible alumnado repetidor e, por outra banda, os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Cultura Clásica ou Latín na ESO, ou aquilo que algúns deles poidan coñecer previamente por afección e cultura persoal.

Por esta razón, para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos do grupo, faremos nos primeiros días do curso unha proba de diagnóstico que permita:

- 1º) saber que alumnado cursou xa na ESO Cultura Clásica e/ou Latín;
- 2º) coñecer as motivacións para a escolla da materia;
- 3º) identificar o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo;
- 4º) valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura helénica en xeral e da lingua grega en particular.

Na proba o alumnado responderá a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados. E ademais o diálogo informal co grupo permitirá albiscar certos elementos do perfil cultural e académico de cada alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	10	15	10	10	100
Proba escrita	60	50	40	40	50	60	50	45	55	50
Táboa de indicadores	40	50	60	60	50	40	50	55	45	50

Criterios de cualificación:

O número e características persoais do alumnado que nos últimos anos ven elixindo Grego como optativa permite facer un seguimento exhaustivo do progreso, os coñecementos e o traballo diario de cada un deles, o que facilita moitísimo a tarefa de clase e a boa comunicación co grupo. Así pois, son moitos os elementos que axudan a unha fiel avaliación do alumnado ao longo de cada trimestre:

- a lectura de textos na aula
- a realización diaria de exercicios en común
- a comprobación e corrección dos exercicios
- a exposición feita por un alumno ante os seus compañeiros dalgún asunto do tema que se trate

A observación directa do traballo diario do alumno, que presenta a materia ao día e trae os seus deberes feitos, ou colabora en clase cando é pertinente, que realiza lectura e escritura adecuadamente fluídas de textos gregos, é un índice importante que afectará á nota de avaliación. Ademais dos exames establecidos por trimestre, os alumnos

farán outras diversas probas escritas cando a marcha do grupo así o aconselle, cando se trate dalgún asunto máis complexo, ou cando o propio grupo o considere oportuno por algunha razón. De calquera modo, os exames escritos fixaranse sempre con certa antelación e previo consenso.

Certos asuntos do temario serven para estimular investigación de novos materiais a través da rede, o que a miúdo se encargará aos diversos alumnos para potenciar o uso das novas tecnoloxías. Ademais, de acordo co plan lector, haberá un programa de lecturas sobre as que tamén se fará comentario e exame.

O alumno será avaliado atendendo aos seus coñecementos, actitudes, procedementos e competencias, valorando o seu progreso e esforzo ao longo do curso e as súas achegas ao progreso na materia, as súas actitudes e aptitudes, segundo diversos criterios de avaliación:

- Dominar a lectura e escritura do grego e a transcripción de termos gregos
- Recoñecer helenismos remontándoos aos termos gregos orixinais
- Analizar as distintas formas gramaticais e a súa función na frase. Consideraranse obxectivos mínimos a morfoloxía nominal e pronominal básica, así como a oposición presente/aoristo no campo verbal; no campo sintáctico, o dominio da sintaxe básica da frase e a oración: casos, concordancia, oracións simples e compostas por coordinación e subordinación elemental
- Distinguir unidades de especial interese na derivación e composición de palabras: prefixos, sufixos, lexemas, etc.
- Relacionar distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica
- Traducir pequenos textos gregos orixinais sinxelos
- Realizar a tradución e análise de frases sinxelas
- Ler e comentar textos literarios gregos traducidos
- Realizar traballos utilizando materiais diversos: bibliográficos, audiovisuais, informáticos, etc.

Todo o material de avaliación será tido en conta para obter unha nota que atenda a todos eses aspectos de acordo coa ponderación seguinte:

- Exames escritos = 50%
- Colaboración en clase e deberes e materia ao día = 30%
- Programa de lecturas = 10%
- Fluidez en lectura e escritura = 5%
- Exercicios a través das TIC = 5%

Ademais a nota global pode verse incrementada aínda ata un 10% (se cabe) para aqueles alumnos que acheguen tarefas e traballos voluntarios, en calquera soporte e formato, que complementen a materia dada.

Cálculo da nota da avaliación:

Todas as notas obtidas polo alumno nos exames realizados ao longo do trimestre contarán un 50% da cualificación, pero sempre resultará beneficioso para o alumno un progreso paulatino que permita mostrar en cada exame os coñecementos consolidados en cada proba anterior. Os coñecementos adquiridos son progresivos, de modo que a materia utilizada ao longo do trimestre vaise acumulando, madurando e asimilando segundo avánzase, polo que cada exame ten máis peso que o anterior, xa que engloba materia de gramática e léxico do anterior. Todos os exercicios, lecturas, análises e traducións que se van realizando ao longo do trimestre permiten valorar se o alumno progresa e obtén por tanto unha nota cada vez mellor, ou se, ao contrario, abandona e se estanca. Isto mesmo é aplicable ás rutinas cotiás, que permiten valorar os progresos en clase, o avance e fluidez en lectura e escritura, en exercicios e en tarefas de clase, que contarán outro 50%.

Cualificación final:

As notas obtidas nas tres avaliacións veranse reflectidas na cualificación final. Pero, dado que a materia presenta uns contidos progresivos e os novos coñecementos que se van desenvolvendo reutilizan de maneira constante os coñecementos previos; e dado que a madurez con que o alumno pode traballar os textos gregos a principio de curso é moi diferente á que debería alcanzar ao final, o peso da primeira avaliación será algo menor que o das seguintes, contando para a media final un 30% a 1ª, un 35% a 2ª e un 35% a 3ª.

Criterios de recuperación:

Procedemento de recuperación da avaliación: Realízase en cada trimestre unha proba escrita dos contidos explicados, que sirva como recuperación dos apartados con cualificación inferior a 5. O alumno fará revisión dos temas e textos vistos no trimestre, que serán presentados ao profesor e servirán como material para preparar novo exame. O exercicio cos temas e textos presentados contará para a recuperación tanto como o exame que se faga

sobre eles. E redundarán en beneficio da nota de recuperación os logros obtidos no trimestre seguinte, en que a materia seguirá reutilizando coñecementos previos. Nas unidades gramaticais, de carácter progresivo, a superación das unidades posteriores supón superación das anteriores. A nota obtida na recuperación substituirá a nota anterior das UD ou avaliacións e aplicaranse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia. Para o alumnado que obtivese cualificación de 5 ou superior, esa proba podería ser voluntaria para quen quixese incrementar a súa cualificación nese trimestre. Proba extraordinaria: No período entre a 3ª avaliación e a extraordinaria, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superase algunha UD ou trimestre ou curso completo con cualificación inferior a 5. No terceiro trimestre o alumno debe coñecer o sistema nominal e pronominal de maneira completa, e ter unha visión xeral do sistema verbal, para facer fronte a frases ou pequenos textos adaptados que mesturen os diversos ingredientes característicos da lingua grega, analizando sen dificultade construcións de infinitivo e participio, e outras formas non complexas de subordinación. Na convocatoria extraordinaria, o exame será unha proba de contidos mínimos de cultura e civilización e un análise e tradución con dicionario de frases cun formato equivalente aos exercicios realizados ao longo do terceiro trimestre, que recollen de modo global a materia cursada, en tanto que os contidos son progresivos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tratándose o Grego de bacharelato de materia optativa, na que os grupos son xeralmente reducidos e moi próximo e directo o traballo de aula, non adoita darse a circunstancia de que haxa alumnos coa materia pendente. Pero se se dese o caso de que algún alumno elixise novamente Grego en 2º de bacharelato a pesar de ter pendente o Grego 1 do curso anterior, ou coa materia de primeiro curso pendente por cambio de modalidade, a programación do curso contemplaría o plan de traballo que se seguiría, cos seus procedementos e instrumentos de avaliación.

Cando se dese o caso, o profesor achegaríalle esquemas dos temas teóricos de cultura e cuadros gramaticais con modelos e tarefas de tradución pautada que lle facilitase o repaso da materia de 1º e ao mesmo tempo lle servise para mellorar e reforzar o seu avance mentres cursa a materia de 2º. En días alternos o profesor encargaría ao alumno pendente unha tarefa que corruxiría e estudaría con el na sesión seguinte: cada martes e xoves, por exemplo, o alumno tería un novo exercicio que o profesor podería corruxir nos días intermedios.

Pero efectivamente este curso 2023-24 non hai alumnado de 1º con Grego I pendente.

Esta materia posúe unha alta carga de formación lingüística, de modo que os coñecementos que se van paulatinamente adquirindo son sempre necesariamente base e alimento dun continuo proceso de aprendizaxe e maduración. Isto é mesmo aplicable aos contidos máis teóricos sobre a civilización grega clásica, que non pretenden senón dar unha imaxe global da cultura e historia que son xerme do noso mundo actual, da nosa cultura e da nosa maneira de entender o mundo entorno. É por elo que a avaliación será sempre continua, sen compartimentos estancos avaliábeis de forma illada; é dicir, cada exercicio mostra no seu momento se se asimilou ou non os coñecementos previos, pois a materia avanza como un continuum sempre in crescendo, e a nota final, en último termo, constata se ao longo do curso houbo un progresivo avance ou, ao contrario, abandono.

De ser o caso, deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas nas datas pertinentes. De facerse exame final, sería unha proba de contidos mínimos de cultura e civilización e un análise e tradución con dicionario de frases cun formato equivalente aos exercicios realizados ao longo do terceiro trimestre, que recollan de modo global a materia cursada, en tanto que os contidos son progresivos.

Continuidade da materia:

A superación da materia de segundo curso está condicionada á superación da correspondente materia de primeiro por implicar continuidade. O alumnado pode matricularse da materia de segundo sen ter cursado a correspondente materia de primeiro sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En todo caso, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente e será computable para os efectos de modificar as condicións nas que promocionara a segundo. O profesor fará ao longo de cada trimestre un seguimento da materia de 1º, que capacite ao alumno para un adecuado seguimento da materia de 2º, preparando os materiais que se vise puidesen resultar necesarios e cos que o propio alumno comprobe se con iso alcanza o coñecemento básico que lle permita adaptarse e integrarse no ritmo de traballo do grupo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Prestarase especial atención aos alumnos con altas capacidades intelectuais ou con necesidade específica de apoio educativo. Correspóndelle a Consellería establecer as condicións de accesibilidade e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e no seu caso os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

Sendo Grego I unha optativa de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, constitúe unha resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar os seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos.

Coa finalidade de atender á diversidade do alumnado, propóranse textos orixinais coa tradución cando o nivel de gramática da clase non sexa o adecuado. Neste caso, levaranse a cabo exercicios de comprensión sobre o texto en lingua grega. Outros textos presentarán notas adicionais de tradución, e estarán dirixidos a aqueles alumnos que teñan un grao adecuado de coñecementos da lingua grega. É recomendable que certas prácticas de tradución se realicen en grupo. Cando o grupo traduza o texto orixinal, pódense comparar as traducións e comentar os aspectos máis relevantes. Así mesmo, pode mostrarse ao alumnado dúas versións de traducións clásicas, para que eles vexan as diversas posibilidades e busquen a súa propia.

Os alumnos con maiores dificultades serán atendidos de modo específico, adecuando os exercicios ao seu nivel de comprensión e modificando ou engadindo tarefas máis sinxelas que permitan o seu avance co fin de, se é posible, achegalos finalmente ao nivel xeral do grupo ou, polo menos, ao nivel de coñecementos mínimos esixibles que permitan a súa recuperación.

A avaliación inicial permitirá detectar que alumnos teñen maiores problemas para seguir a marcha do curso. Para eles realizaranse exercicios que repitan e consoliden o estudado ata o momento. Vixiarase con maior atención a súa capacidade de estudo e a realización dos deberes que se lles preparen e encarguen. Despois do alfabeto, os primeiros exercicios de declinación e de análise e tradución de frases son moi sinxelos e graduais, o que permitirá percibir os distintos ritmos de traballo dos distintos alumnos.

Logo da avaliación inicial, nos casos de (1) alumnado con altas capacidades intelectuais, (2) alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, (3) alumnado con integración tardía no sistema educativo, ou (4) alumnado repetidor, en todo caso sempre baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o equipo docente, e seguindo as súas indicacións, poderanse adoptar medidas diversas:

- 1) adecuación do espazo na aula, buscando a proximidade co docente ou formando parellas que faciliten a axuda entre o alumnado
- 2) adecuación da programación didáctica ao alumnado e o seu contorno
- 3) adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación (unha medida das máis frecuentes e de fácil aplicación)
- 4) elaboración dun programa específico de recuperación de avaliacións ou da materia en conxunto
- 5) reunións periódicas do equipo docente co titor, para o seguimento e intervención nos casos que a situación o aconselle

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Estableceranse as medidas máis

adequadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Educación de persoas adultas:

Se a marcha do grupo o aconsella, analizadas as dificultades específicas e as condicións de traballo que os alumnos da quenda de educación de adultos poidan presentar, poderase adaptar o currículo e adecuar o avance na materia ao seu ritmo de estudo.

Os contidos en xeral non terán tanto desenvolvemento nin profundización como na quenda de diúrno, aínda que, por outra banda, sendo maiores, precisan en xeral de menos tempo para comprender os conceptos e adquirir as mecánicas necesarias. Sen embargo os exames sempre terán en conta a menor carga horaria do nocturno e adaptaranse a eses tempos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
	UD 9							

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Teatro Greco-Latino	O Festival de Teatro Greco-Latino que cada ano se organiza en diversos puntos da xeografía española con restos clásicos (e aquí en Lugo, Ourense, A Coruña e Tui), para traer representacións escolares de obras de teatro, traxedia e comedia, gregas e latinas, en 2023 (o 28 de febreiro en A Coruña e o 2 de marzo en Tui) porá en escena Medea de Eurípides e Miles gloriosus de Plauto.		X	
Concurso on-line Odisea	A Delegación Galega da Sociedade de Estudos Clásicos, pola súa banda, vén organizando o concurso Odisea na rede, no que poden participar algúns alumnos de Grego. Cando salga a convocatoria, informarase dela ao alumnado adscrito a este Departamento, para apuntar aos que desexen participar.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso Parnaso	De maior entidade é o concurso Parnaso de tradución e cultura grega organizado para finais do mes de marzo para os alumnos de Grego de 2º de Bacharelato, que podería ter candidatos, aínda que para determinalo ha de esperarse a que salga a convocatoria e o seu programa. Ademais, o Departamento de Latín e Grego de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela tomou o relevo e celebra a finais de maio unha Olimpíada de tradución de textos clásicos, á que alumnos nosos concorreron con éxito en anos anteriores, e que probablemente se poida repetir este novo curso.			X

Observacións:

Non hai gran cousa de material grego próximo no ámbito galego: non é zona que ofrezca restos da colonización grega da Antigüidade e non é fácil, nin por calendario nin por financiación, organizar algunha actividade que permita levar aos alumnos ou poida ser traída ata eles. Mostras de arqueoloxía, arte ou cultura da Antigüidade grega só en pequena medida poderían verse no Museo Municipal de Pontevedra, que mestura algúns valiosos elementos entre a súa rica colección de restos da romanización de Galicia. Algo máis frecuente nunha contorna relativamente próxima e por tanto máis alcanzable é o conxunto de restos de romanización e época castrexa que si poderían ser de interese para os alumnos de Cultura Clásica; pero isto parece máis pertinente para algún programa coordinado por ou xunto co Departamento de Latín ou mesmo de Historia. Mostras de máis entidade obrigarían a desprazarse ata o Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid ou ata moi diversos puntos da nosa costa mediterránea, o que requiriría un esforzo que este Departamento tan deficitario non pode de ningún modo asumir. Tamén no outro sentido, é dicir, que visite Galicia algún programa ou exposición itinerante que nos interesase directamente, é algo igualmente, por desgraza, moi pouco frecuente.

O estudo de Grego en Bacharelato convértese, neste sentido, nunha vía de especial valor e rara riqueza para ofrecer a este alumnado unha información e formación á que doutro xeito moi dificilmente teñen acceso e da que os máis deles nin sequera teñen noticia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Planificación adecuada: o número e duración das actividades adécuanse ao calendario proposto
2. Obxectivos alcanzados: os obxectivos reflíctense nos contidos das unidades e das probas
3. Pertinencia dos materiais: os materiais utilizados son accesibles e adecuados en coherencia e nivel de dificultade
4. Grao de motivación: lógrase participación na aula e progreso do grupo, que avalía positivamente o temario
5. Valoración de resultados: as notas globais son satisfactorias
6. Atención á diversidade: os resultados confirman a utilidade das medidas adoptadas
7. Elementos transversais: lógrase a formación pertinente nos elementos transversais
8. Actividades complementarias: bo tratamento e resultado

Descrición:

Unha vez terminado o curso, e de acordo cos asuntos que se reflectirán na Memoria, realizarase unha revisión e avaliación da Programación, que permitirá cambiar ou matizar aqueles puntos que pareza procedente para cursos vindeiros atendendo aos resultados académicos e os procesos de mellora. Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente para valorar os elementos positivos e negativos, para vixiar a evolución do proceso e para comprobar se se están conseguindo os obxectivos. A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, co fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación de aspectos da programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un instrumento vivo que servirá como marco de referencia pero que permite introducir correccións e melloras, evitando as improvisacións: conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado. Nos puntos que se estime, revisarase nas reunións ás que o Departamento atende cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada avaliación, así como en calquera momento que o Departamento considere oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

De maneira especial serán revisados os elementos seguintes:

- Número de sesións previstas e utilizadas en cada UD
- Orde dos contidos explicados
- Actividades realizadas
- Grao de cumprimento da UD
- Obxectivos alcanzados
- Propostas de mellora

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión e posteriormente na memoria final de curso. Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora para modificar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

Unha programación implica unha planificación concreta para un período determinado dentro dos obxectivos fixados polas autoridades educativas, contribuíndo á mellora da calidade do ensino porque reforza a conciencia da finalidade e os obxectivos e facilita a adaptación a distintos contextos académicos facendo rendibles o esforzo, tempo e recursos.

Nos obxectivos nesta programación non fixemos modificación ningunha con respecto aos descritores sinalados no currículo por parecermos suficientes e, sobre todo, xa que pode ter influencia no peso relativo da materia na adquisición das competencias clave, aspecto que debería ser acordado na concreción curricular.

Organizamos os contidos dos catro bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os literarios, os gramaticais e os de tradución. Así, situamos na primeira avaliación, nas primeiras sesións do curso, as UD referidas ao repaso e ampliación de morfosintaxe. A continuación comezaremos coas UD de comprensión e traducións dos textos dos dous autores propostos, comenzando por Apolodoro e despois Xenofonte, que en función da marcha do curso se poderían ir alternando. En canto ás UD de literatura, propoñemos a épica e a mitoloxía para o primeiro trimestre, a historiografía e o teatro para o segundo, e a lírica para o terceiro, aproveitando así mitoloxía e historiografía para os textos de Apolodoro e de Xenofonte. A UD de léxico e helenismos será distribuída durante todo o curso en varias sesións.

En canto ao peso das unidades didácticas, cómpre dicir que as de gramática teñen un peso que equivale ao 20% da materia, as de literatura outro 20%, e as de léxico e helenismos outro 20%, reservando o 40 % restante para as unidades didácticas de comprensión e traducións dos textos.

No apartado metodolóxico apostamos por un tratamento activo da lingua cos métodos chamados naturais, baseado en exercicios de comprensión e expresión oral e escrita relacionados cos textos dos autores propostos.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de certos parámetros para medir o seguimento mediante táboas de valoración, coa finalidade de mellorar a programación de cara a seguintes versións no que se refire ás sesións dedicadas a cada UD, a distribución por trimestres, os instrumentos de avaliación e o peso de cada criterio de avaliación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Morfoloxía nominal	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía nominal de Grego I: declinacións, adxectivos, pronomes, graos do adxectivo...	5	4	X		
2	Morfoloxía dos verbos en -o	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía verbal de Grego I: tempos, modos e formas nominais. Verbos contractos, consonánticos, y tiempos	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Morfoloxía dos verbos en -o	segundos.	5	8	X		
3	Morfoloxía dos verbos en -mi	Cadros de conxugación das formas aatemáticas.	5	8	X		
4	Sintaxe	Coordinación: tipoloxía e conxuncións. Subordinación: tipoloxía e conxuncións.	5	8	X		
5	Léxico e etimoloxía	Estudo dos helenismos presentes nos textos de Apolodoro e Xenofonte e na selección proposta pola CiUG.	20	15	X	X	X
6	Apolodoro	Trazos lingüísticos e temáticos. Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.	20	25	X	X	
7	Xenofonte	Trazos lingüísticos e temáticos. Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.	20	25		X	X
8	Literatura grega I: épica	Trazos da épica. Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada. Argumento e personaxes.	4	5	X		
9	Literatura grega II: mitoloxía	Repaso de divindades e heroes presentes nos textos de Apolodoro.	4	5	X		
10	Literatura grega III: historiografía	Autores. Xenofonte e a súa obra: Anábese, Helénicas, Ciropedia...	4	4		X	
11	Literatura grega IV: teatro	Trazos do teatro grego. Autores, obras e temática. Sófocles: Edipo Rei. Aristófanes: Asemblea de mulleres.	4	4		X	
12	Literatura grega V: lírica	Lírica arcaica: lectura de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte. Temáticas.	4	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Morfoloxía nominal	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos nominais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua grega.
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
2	Morfoloxía dos verbos en -o	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos verbais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua grega.
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).
- Formas nominais do verbo.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
3	Morfoloxía dos verbos en -mi	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos verbais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego). - Formas nominais do verbo. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
4	Sintaxe	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise sintáctica e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Formas nominais do verbo. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
5	Léxico e etimoloxía	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras tendo en conta a etimoloxía e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	PE	70
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.		
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir etimoloxicamente palabras de orixe grega que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena.	TI	30
CA2.3 - Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito etimolóxico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado da etimoloxía e os helenismos como fonte de inspiración analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.

Contidos

- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Léxico grego e plurilingüismo.
- Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico.
- Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.
- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
6	Apolodoro	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	60
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos de Apolodoro.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	40
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.		
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.

Contidos

- Ferramentas de tradución.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
7	Xenofonte	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	60
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos de Xenofonte.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propia do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.	TI	40
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.

Contidos

- Ferramentas de tradución.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
8	Literatura grega I: épica	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos da Ilíada e Odisea.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de épica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, personaxes e valores éticos ou estéticos de fragmentos de épica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura grega do xénero épico localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa literatura épica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
9	Literatura grega II: mitoloxía	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais de textos de mitoloxía.		
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de temática mitolóxica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	70
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos de temática mitolóxica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito relixioso, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da mitoloxía grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
10	Literatura grega III: historiografía	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos históricos.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de textos históricos aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos históricos comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura historiográfica localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co xénero historiográfico, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura grega IV: teatro	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos Sófocles e Aristófanes.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de teatro grego aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos de teatro grego comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado do teatro grego localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co teatro grego, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		
CA4.4 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar a presenza de temas, personaxes, estética e recursos do teatro grego na contorna do alumnado reflexionando sobre as implicacións dos seu uso e dando exemplos da súa persistencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
12	Literatura grega V: lírica	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos dos autores de lírica arcaica.	PE	100
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de lírica arcaica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de poemas ou fragmentos de lírica arcaica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da lírica grega arcaica, localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa lírica arcaica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.

Contidos

- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.
- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego II, como outras de segundo de bacharelato ten varios condicionamentos importantes:

1. Esixencias das ABAU.
2. Limitación de tempo, reducido a un máximo de 116 sesións.
3. Metodoloxía empregada en Grego I.
4. Tipoloxía dos contidos que veñen dados polas cuestións das propias ABAU: repaso de morfosintaxe e explicación de novos contidos, tradución e comprensión de textos seleccionados dos autores propostos, literatura e lecturas, etimoloxía e helenismos.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS (UD 1-4)

Neste apartado cómpre ter en conta o punto de partida metodolóxico de Grego I xa que o profesorado puido utilizar o método tradicional e gramaticalista ou ben o método natural e activo. En calquera dos casos, neste curso sería necesario realizar un repaso, recompilación e estruturación destes contidos.

Tamén haberá que ampliar os contidos non tratados en Grego I para acadar o nivel necesario que permita acceder á comprensión dos textos propostos.

A diferenza que atopamos coa metodoloxía activa é que durante o primeiro curso se dedica moito tempo ao traballo de habilidades que despois non van ser avaliadas na proba da ABAU aínda que permiten unha importante adquisición na destreza de comprensión dos textos, en detrimento doutras que en comparación van ser avaliadas en exceso.

Sen entrar na polémica da natureza e finalidade de 2.º de bacharelato, é innegable que o profesorado ten que ter en conta que o alumnado debe ser preparado convenientemente para esa proba. Así pois, para que se poidan acadar dous obxectivos aparentemente diverxentes (traballar cun método activo e, ao mesmo tempo, preparar ao alumnado axeitadamente para a ABAU), é preciso introducir modificacións, máis ca na metodoloxía, na selección de contidos, textos e materiais de traballo que, de feito, xa nos veñen dados pola propia selección de autores e textos que realiza o grupo de traballo da CIUG.

METODOLOXÍA PARA A UNIDADE DE ETIMOLOXÍA (UD 5)

Estes contidos xa veñen sendo traballados dende o curso de Grego I e o que se lle pide ao alumnado é que atope e explique helenismos derivados de palabras gregas dunha listaxe proposta polo grupo de traballo tomadas dos textos obxecto de tradución e comprensión xunto con algunhas que teñen unha fecunda familia de neoloxismos.

A medida que eses termos vaian aparecendo nos textos, realizarase a explicación e a recompilación de helenismos relacionados, non só na lingua de uso do alumnado, senón tamén noutras do repertorio, de modo que se poidan verificar as semellanzas e diferenzas de transcrición en cada unha delas.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE COMPRESIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS (UD 6-7)

1. A lectura en voz alta, con corrección tanto na pronuncia como na acentuación, debe seguir a ser en 2.º un obxectivo importante na materia. Aconséllase neste eido que se faga un repaso das normas tanto de lectura como de prosodia e, ademais, o emprego da pronunciación histórica fronte á erasmiana polas vantaxes que ofrece de cara á comprensión do grego moderno.
2. División do texto en secuencias que teñan sentido, facendo uso dos signos de puntuación, as formas verbais como núcleo das oracións e resto de elementos sintácticos de enlace: conxuncións que clarifiquen a organización das oracións, a subordinación con formas nominais do verbo, e preposicións para os complementos circunstanciais.
3. Achegamento á comprensión do léxico utilizando ferramentas como a etimoloxía, o contexto e, no seu caso, de ser necesario, os dicionarios en formato papel ou en liña.
4. Ofrecer unha interpretación e comentario do contido do texto, procedendo entre todo o alumnado á súa corrección e mellora.
5. Resposta a preguntas formuladas en grego polo profesorado sobre o contido, cuxa solución estará no propio texto, facendo as correspondentes transformacións en canto a tempo e persoas verbais, voces, complementos, etc. coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.
6. Reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos e redactar textos adicionais imitando a estrutura do texto traducido, completando o contido, ofrecendo outra versión, etc.
7. Lectura comparada de diferentes traducións publicadas e comentario de textos, comprendendo as diferenzas atopadas e entendendo o compromiso existente entre literalidade e literariedade da tradución.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE LITERATURA (UD 8-12)

1. Explicación por parte do profesorado e lectura de textos en voz alta na aula e tamén de forma individual na casa, elaboración de exercicios, resolución de cuestionarios en liña e traballos guiados que se avalían fundamentalmente a través de táboas de indicadores como rúbricas.
2. A aula invertida: Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo, de forma guiada e progresivamente de forma autónoma, e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido. Esta metodoloxía presenta, entre outros, o reto de que tanto profesorado como alumnado debe contar con acceso e suficiente destreza de uso das TIC.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017.
José María Pabón de Urbina: Diccionario manual Griego clásico-Español. Vox-Bibliograf, Barcelona, 2014.
Juan Coderch Sancho: Diccionario español-griego. Ediciones Clásicas, Madrid, 1997.
A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de Teatro Grecolatino organizado pola SEEC como unha forma de aproximación ao mundo teatral.
Homero: Ilíada (cantos I, VI, XVI, XXII).
Antoloxía da poesía lírica: Safo, Arquíloco e Anacreonte.
Sófoles: Edipo rei.
Aristófanes: Asembleístas.

LIBRO DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta cunha antoloxía de textos de temática mitolóxica, lírica, fabulística, etc.

LIBROS DE LECTURA

Para as UD de literatura (épica, lírica, teatro) haberá as correspondentes lecturas das que ademais se examina o alumnado nas probas das ABAU. Incluímos tamén as lecturas das obras representadas no Festival de Teatro Grecolatino.

DICCIONARIOS

Usaremos o dicionario VOX en papel ou en formato dixital. Tamén será útil un dicionario de español-grego para a elaboración de textos e comentarios en grego. Destes e doutros dicionarios usaremos tamén a versión dixital cuxos enlaces poden verse a continuación.

OUTROS RECURSOS

- Recursos en rede asociados cos métodos descritos:

<https://aulavirtual.baiaeditions.gal/10>

<https://www.dicciogriego.es/>

http://www.epapontevedra.com/documentos/latinegrego/grego/Diccionario_vox_griego_clasico-esp.pdf

<http://aliso.pntic.mec.es/agalle17/logos/inicio.html>

<http://etimologias.dechile.net/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN

A materia de Grego II de 2.º de bacharelato é unha materia de continuidade, polo que o alumnado xa terá cursado Grego I e será coñecido para o profesorado. Porén, pode ocorrer que a persoa docente sexa de nova incorporación no centro e non coñeza o alumnado ou que se incorpore ao grupo alumnado que cursara Grego I noutro centro ou ben que non cursara Grego I en 1.º de bacharelato por cursar outro itinerario de bacharelato. Neses casos pode ser necesaria a avaliación inicial e a comunicación co Departamento de Orientación para obter información sobre o alumnado.

OBXECTIVOS

1.º Identificar e determinar o nivel de coñecementos de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Grego I. Hai este curso unha alumna que non puido elixir en 2022-23 Grego I como optativa, pois, simultánea con outra optativa, tivo que decidir con cal quedar. Pero este ano si elixiu Grego II e preparou as bases da materia desde xuño e ao longo do verán, guiada polo seu profesor, para integrarse comodamente na tradución dos textos que agora nos ocupan en 2º de bacharelato.

2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Grego II. Aínda que isto xa se fixo en 1.º, é importante volver preguntar por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.

3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE). Circunstancia que este curso non se dá.

4.º Identificar o alumnado repetidor. Circunstancia que este curso non se dá.

INSTRUMENTOS

1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.

2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados anteriormente.

3. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	20	20	20	4	4	4
Proba escrita	100	100	100	100	70	60	60	70	70	70
Táboa de indicadores	0	0	0	0	30	40	40	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	4	100
Proba escrita	70	100	73
Táboa de indicadores	30	0	27

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

O número de alumnos que elixe Grego como optativa permite facer un seguimento exhaustivo do progreso, os coñecementos e o traballo diario de cada un deles, o que facilita moitísimo a tarefa de clase e a boa comunicación co grupo. Así pois, son moitos os elementos que axudan a unha fiel avaliación do alumnado ao longo de cada trimestre:

- a lectura de textos na aula
- a realización diaria de exercicios en común
- a comprobación e corrección dos exercicios na lousa
- a tratamento dun asunto do temario por un alumno ante os compañeiros

A observación directa do traballo diario do alumno, que presenta a materia ao día e trae os seus deberes feitos, que colabora en clase cando é pertinente, que realiza lectura e escritura adecuadamente fluídas de textos gregos, é un índice importante que afectará á nota de avaliación. Cada día farase fronte a un novo texto, onde os alumnos deixarán ver o seu ritmo de traballo, os seus progresos, os seus coñecementos, as súas dificultades, etc.

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou UD. A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

1.^a avaliación: UD 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9 = $(5+5+5+5+6+10+4+4) / 44$

2.^a avaliación: UD 5, 6, 7, 10, 11 = $(6+10+10+4+4) / 34$

3.^a avaliación: UD 5, 7, 12 = $(8+10+4) / 22$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD5 de léxico e etimoloxía, que ten un peso total de 20 % no curso, está repartido en 6, 6 e 8 nas tres avaliacións.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia.

CUALIFICACIÓN FINAL

As notas obtidas nas tres avaliacións veranse reflectidas na cualificación final. Pero, dado que a materia presenta uns contidos progresivos e os novos coñecementos que se van desenvolvendo reutilizan de maneira constante os coñecementos previos; e dado que a madurez con que o alumno pode traballar os textos gregos a principio de curso é moi diferente á que debería alcanzar ao final, o peso de cada avaliación será algo maior que o das anteriores,

contando para a media final un 25 % a 1ª, un 30 % a 2ª e un 45 % a 3ª.

O resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 25 para a 1ª avaliación, 30 para a 2ª e 45 para a 3ª, que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10. A cualificación final será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula: $(1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,25) + (2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,30) + (3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,45)$

1ª avaliación achega o 25 % da cualificación final.

2ª avaliación achega o 30 % da cualificación final.

3ª avaliación achega o 45 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6'49 será 6 e 6'50 poderá redondearse a 7, a criterio do profesorado atendendo ás aptitudes e actitudes do alumno.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.

2. Táboas de indicadores (rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc.) para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación de cada UD.

Todo este material de avaliación será tido en conta para obter unha nota de avaliación que atenda a todos eses aspectos de acordo coa ponderación seguinte:

- Exames escritos = 50%
- Tradución en clase e deberes e materia ao día = 20%
- Fluidez en lectura e escritura = 5%
- Exercicios a través das TIC = 5%
- Programa de lecturas = 10%
- Traballo sobre os autores e obras = 10%

Cráterios de recuperación:

Realízase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación fose inferior a 5. Asemade, para o resto do alumnado que obtivese unha cualificación superior a 5, esa proba serviría para incrementar a súa cualificación nese trimestre.

En canto ás unidades de lingua grega, dado o carácter progresivo da materia, a superación das unidades posteriores supón a superación das anteriores.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación extraordinaria, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superase determinadas unidades didácticas e/ou trimestres e/ou curso completo para o caso de que a cualificación non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD ou avaliacións e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego II unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula

(proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X		X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X		X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.								X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X		X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.								X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.						X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X		X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.					X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.							X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Festival de teatro grecolatino	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de febreiro		X	
2 Viaxe a Italia (ou Grecia)	Participación na viaxe que a SEEC Galicia organiza para alumnado de Clásicas alternativamente a Grecia e a Italia durante a semana do Entroido		X	
3 IX Olimpíada de tradución de textos clásicos	A probas realizaranse a finais de maio de 2024 e a festa de entrega de premios terá lugar despois das probas de ABAU do mes de xuño			X

Observacións:

Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

1. Grego 1 en 2º Bacharelato

Hai este curso unha alumna que non puido elixir en 2022-23 Grego I como optativa, pois, simultánea con outra optativa no seu horario, tivo que decidir con cal quedar. Pero este ano si elixiu Grego II e preparou as bases da materia desde xuño e ao longo do verán, guiada polo seu profesor, para integrarse comodamente na tradución dos textos que agora nos ocupan en 2º de bacharelato.

Entre xuño e setembro o profesor encarga á alumna de maneira pautada e paulatina unha tarefa en cada sesión, que corrixe e estuda con ela na sesión seguinte.

Coa materia de primeiro curso pendente por cambio de modalidade, o profesor achegalle esquemas gramaticais e tarefas de tradución pautada que lle facilitan o repaso da materia de 1º e que ao mesmo tempo lle sirvan para mellorar e reforzar o seu avance mentres cursa a materia de 2º.

2. Avaliación de Grego 1 en 2º

O traballo realizado durante o verán permite que a alumna se haxa integrado sen dificultade en Grego 2. De modo que ao longo deste 1º trimestre comprobarase o seu grao de aptitude, e o aprobado da 1ª avaliación de 2º confirmará a súa capacitación para dar por superada a materia de Grego 1 pendente.

Ademais, o programa de 2º prevé efectivamente o repaso da morfosintaxe estudada en 1º, polo que será compatible atender ao 1º trimestre de 2º á vez que se revisan e consolidan os coñecementos previos que deben traerse de 1º.

3. Unidades didácticas de Grego 1 en 2º

Esta programación reorganiza os bloques do currículo en seis unidades didácticas (UD) que desenvolven en nove sesións os contidos lingüísticos mínimos que permitirían manexar os coñecementos necesarios para defenderse na comprensión e tradución de frases e pequenos textos con que se garantiría o aprobado de Grego 1.

- 1º- Lingua e escritura: o alfabeto [1 sesión]
- 2º- Declinación nominal: substantivo [3 sesións]
- 3º- Declinación nominal: adxectivo [1 sesión]
- 4º- Declinación Pronominal [1 sesión]
- 5º- Flexión verbal: εὐμὲ [1 sesión]
- 6º- Flexión verbal: λῆω [2 sesións]

4. Seguemento de Grego 1 en 2º

A alumna en cuestión avanzou este traballo mediante catro sesións en xuño (UD 1 e 2), tres en xullo (UD 3, 4 e 5), e dous en agosto (UD 6). Todo iso foi supervisado de modo conxunto durante a primeira semana de setembro, para comprobar se podería enfrontarse ao comezo de 2º curso coa oportuna naturalidade, tal como está a ser de feito.